

Poesía Experimental

Exposición de traballos do taller dirixido por Clemente Padín

20 xullo / 2 agosto 2009

Esta exposición recolle gran parte dos traballos desenvolvidos ao longo do taller sobre poesía experimental que dirixiu o poeta, artista e *performer* uruguaio Clemente Padín no CGAC do 7 ao 9 de maio.

Clemente Padín, artista experimental que procede do contexto do conceptualismo suramericano e cuxa obra está estreitamente vinculada coa poesía visual, a *performance* e o activismo político, ten unha longa traxectoria que se iniciou nos anos sesenta. Tamén por esta época dirixiu diversas revistas entre as que cabe salientar *Los huevos del plata* [1965-1969] e *OVUM* [1970], que desempeñaron un importante papel no contexto artístico uruguaio e latinoamericano desas décadas e que combinaban a arte de vangarda e a literatura co compromiso sociopolítico dun modo sobresaínte.

O taller sobre poesía experimental que se desenvolveu no CGAC o pasado mes de maio abordou a historia e a evolución da poesía experimental desde os seus inicios até a actualidade. Outro dos temas que se tratou foi a evolución dos soportes e como estes foron determinando os cambios estruturais na poesía. Ademais de afondar na evolución histórica o artista Clemente Padín propuxo o comentario pormenorizado de poemas experimentais de todas as épocas e amosou poemas en todas as súas dimensións: visual, sonora, dixital ou performática, entre outras.

Esta viaxe pola poesía experimental culminou, xa no terceiro día do taller cunha lectura a cargo de Clemente Padín que incluíu poemas experimentais de Dick Higgins, Bartolomé Ferrando, Jorge Caraballo, Arrigo Lora Totino, Felipe Boso, José Lino Grunewald, Fernando Aguiar, Joan Brossa, Jean-Claude Moneau, Julien Blaine, Chelo de Barros e tamén os seus propios. Tamén realizou unha *performance* poética en homenaxe ao poeta argentino Edgardo Antonio Vigo, recentemente falecido.

Os traballos que se amosan nesta exposición foron producidos no contexto do taller que impartiu Clemente Padín e son unha parte máis dun proceso artístico que se prolongou durante tres días pero que non rematou aí, cada participante fará extensiva a experiencia a outras persoas que permitirán que as palabras sigan viaxando.

Agradecemos o seu traballo a todas as persoas que participaron no taller: Miguel Batalla Liste, Manoel Bonaval, Carol Bret Franco, Goretti Canario Cacabelos, Belém Chorén Sánchez, Carolina Cruz Guimarey, Leandro Gabriel Escudero Ceballos, Margarita Fernández López, Cristina Ferreiro Real, Iria García Becerra, María Julia Jiménez García, José Javier López Fraiz, María López Velasco, Teófila Noemí Ruiz Kulianos, Fernando Porto Mato, Encarna Rodríguez Bermúdez, Laura Sañudo González, Neves Seara Palacio, Mirari Urruzola, Alberto Valverde Otero, Ricardo Vázquez Campo

Participantes na exposición:

Miguel Batalla Liste
Manoel Bonaval
Carol Bret Franco
Belém Chorén Sánchez
Carolina Cruz Guimarey
Margarita Fernández López
Lois Gil Magariños
María Julia Jiménez García
María López Velasco
Teófila Noemí Ruiz Kulianos
Fernando Porto Mato
Encarna Rodríguez Bermúdez
Laura Sañudo González
Neves Seara Palacio
Mirari Urruzola
Ricardo Vázquez Campo

Coordinación da exposición:

Cristina Trigo

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán s/n,
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602-23 / Fax: 981 546 605
cgac.educacion@xunta.es
www.cgac.org